



LER
PARA
SABER



Actividades

rodeira



**LER
PARA
SABER**

Actividades

I. Completa a ficha bibliográfica do libro

Título:
Subtítulo:
Autor/a:
Editorial:
Fotografía de cuberta:
Ano de edición:
Lugar de edición:
ISBN:
Número de páxinas:

* As seguintes palabras fan referencia ás partes externas dun libro. Defíneas e describe que tipo de información aparece en cada unha delas:

• CUBERTA:

• LAPELA:

• LOMBO:

2. Mira a entrevista realizada a Pablo Gutiérrez (autor da obra) nesta ligazón (<https://www.youtube.com/watch?v=AOWDdT7XE4U>) e contesta as seguintes preguntas:

* Que premio se lle outorgou?

* A que se dedica?

* En que se basea a novela?

* Por que escribiu a novela?

* Que dificultades atopan os centros educativos á hora de levar a cabo obras de teatro?

* Cal é a franxa de idade na que máis se le en España?

* Que actor protagoniza a película Cyrano de Bergerac?

* Que ten que ver Cyrano cun adolescente do século XXI?

* Que mensaxe intenta transmitirllas o autor coa súa obra aos mozos e mozas?

3. Observa a ilustración da portada do libro e comenta os elementos que aparecen nela: figuras, personaxes, paisaxes etc.



* Que che suxire a imaxe?

4. Como xa sabes, os tres grandes xéneros literarios son: a narrativa, o teatro e a lírica.

* Define cada un destes estilos cunha frase (podes consultar o libro de texto, Internet etc.).

* A que xénero literario corresponde a obra que acabas de ler? Razona a resposta.

5. Ímonos centrar un pouco no personaxe protagonista da obra de teatro e que lle dá título á novela: Cyrano de Bergerac. Quizais oíses falar del e poida que incluso leses a obra ou vises algunha película na que saíse o personaxe. Busca información sobre Cyrano de Bergerac e corrixe as seguintes informacións sobre a súa vida:

- O 6 de marzo de 1619 naceu en Bergerac Hercule-Savinien de Cyrano de Bergerac, que pasaría á historia como Cyrano de Bergerac.
- Seu pai adquirira unha propiedade na localidade de Bergerac, onde pasou gran parte da súa infancia e da cal tomou o nome co que é coñecido.
- Aos 19 anos, Cyrano decidiu emprender a carreira militar e alistouse no Corpo dos Mosqueteiros Reais, un corpo de infantaría de elite ao que tamén pertenceu o famoso mosqueteiro D'Artagnan.
- Durante a guerra dos Cen Anos, recibiu unha ferida que o forzou a retirarse do exército só dous anos despois de empezar a súa andaina nel.
- En 1654 resultó herido en la cabeza por una viga de madera. Murió dos años después, el 28 de julio de 1656; además de las secuelas de la herida, sufría una enfermedad no especificada.

- Tras a súa trágica morte publicouse, en dúas partes, a súa obra máis famosa: *O outro mundo* (1657 e 1662). O propio Cyrano narra en terceira persoa unha viaxe surrealista á Lúa e ao Sol a bordo dunha máquina voadora.

- O dramaturgo Eduard Rostand inmortalizou a súa faceta aventureira e descarada na obra de teatro que leva o seu nome: *Cyrano de Bergerac*, estreada en 1899.

- A súa tumba oficial atópase no cemiterio parisiense de Montmartre.

6. Ao inicio da obra, Velia comenta que durante unha época da súa vida lle gustara ler moito. Ata o punto de que chegou a ler catro veces o libro *O príncipe mestizo* (de 652 páxinas), a razón de 2 minutos por páxina.


- * Que porcentaxe do libro le Velia cada hora?

* Supoñamos que a novela que acabas de ler ten 240 páxinas e les a un ritmo de 2,5 minutos por páxina. É correcto se dicimos que nunha hora les as 6/60 partes do libro? Argumenta a túa resposta.

7. Cyrano escribíalle sonetos á súa namorada antes de partir para a guerra.

* Busca información sobre os sonetos e as súas características.

* Serías capaz de escribir un? Podedes facelo en parellas.



8. Despois de realizar a actividade anterior, busca unha peza musical que se adapte ao soneto e recítao ante os teus compañeiros. Para animar a representación, podes utilizar algún complemento (sombreiro, perruca, bigote, roupa etc.).

9. Estamos rodeados de referentes que nos chegan a través dos libros, os cómics, as series, as películas, os videoxogos, o teatro etc. Tanto homes coma mulleres buscamos identificarnos con algún personaxe, ficticio ou real. Neste sentido, Velia non deixa de martirizarse cos seus defectos. Pensa que todas as mozas de 16 anos desexan amencer un día convertidas nunha muller «fotografable», sen defectos, e pregúntase quen non quere espertar e ser outra persoa?
 - * E a ti? Gustaríache ser outra persoa? Quen? Por que? Podes compartir as túas ideas cos compañeiros e establecer un debate.

10. A Velia non lle gusta practicar deporte porque non se lle dá nada ben, aínda que sabe que a súa práctica é beneficiosa para o corpo, a mente e o espírito. Malia iso hai un que lle gusta practicar, patinar cos *rollers*, e faino canda a súa amiga Claudia. Por parellas, buscade información sobre este deporte:

* Que tipo de patíns son os *rollers*?

* Que beneficios proporciona?

11. No segundo acto da novela, un dos alumnos di que se aburre na clase e quere que os libros que comentan sexan máis actuais e atractivos. A profesora Lupe accede a dedicar a clase dos vernos a estas obras.

* Se foses un dos seus alumnos, de que libro che gustaría falar? Por que?

* Fai un breve resumo do libro, leo ante os teus compañeiros e intenta convencelos para que tamén o lean.

12. Connor e Velia coinciden en que Manu (a parella de Claudia) non lle convén, posto que a fixo cambiar de actitude e xa non se relaciona tanto con eles. Connor considera que teñen que falar con Claudia para convencela de que Manu non lle convén, e Velia pensa que non deben meterse en cousas de parella. Que farías ti? Realizade un debate na clase defendendo e argumentando ambas as posturas.

13. Na parte final da representación da obra, de maneira inesperada, Claudia decide sentar ante o piano e cantar a canción *Love of my life* (que fora suprimida no último momento) como xesto de arrepentimento cara aos seus amigos.

* Coñeces a canción? Quen é o seu autor?

* Busca a letra e tradúcea.

* Que che suxire?

* En grupos de 5-6 persoas, create e realízade unha coreografía para a canción.

14. Imos comprobar se tes boa memoria. As seguintes situacións prodúcense ao longo da novela, pero todas elas conteñen algún erro. Encóntraos e corríxeos.

- Claudia e Velia entran no ordenador da profesora Lupe e ven o seu historial de buscas.

- Lupe di que se aburre na clase. Gustaríalle ler textos máis actuais.

- Velia, Connor e Claudia reescriben a obra de teatro.


- Velia non quere participar na obra, ten medo ao ridículo, e non sabe como dicirlllo a Claudia.

- O grupo teatral forma a compañía "Irmandade do Gran Nariz" e acordan as normas que van seguir. Selan o pacto beliscándose o nariz coma os esquimós.

- O pai de Roberto ofrécese para arranxar o escenario.

- Connor confésalle a Velia que o pasaba moi mal no seu antigo colexio.
- Candi abandona o grupo catro días antes da estrea.
- Finalmente, Claudia representa dous papeis: o de ama de cría e o de Ossorio.
- O fillo de Lupe, Javi, coñece os membros do grupo teatral.

15. Tras finalizar a lectura da obra, serías capaz de deseñar unha nova portada para o libro?



* Redacta unha breve descrición da nova portada e léllela aos teus compañeiros intentando xustificar os elementos que aparecen.

- 16.** Durante os ensaios, Lupe insiste en que teñen que meterse no papel do seu personaxe, en como pensa, no que desexa. Non abonda con repetir o texto, teñen que sentilo. Deseguido, relaciona cada personaxe coa súa característica:

PERSONAXE	CARACTERÍSTICA
Cyrano	Non se atreve a falar de amor.
Lignière	Só lle preocupan os rumores.
Christian	Presume da súa amizade con Cyrano.
Roxana	Ama a beleza e a poesía.
De Guiche	Fanfurriñeiro, botaporela, inseguro e acomplegado.
Ama de cría	Non soporta o protagonismo de Cyrano.

17. Imos comprobar a túa creatividade. Cambia o final da obra tendo en conta os seguintes aspectos:

- Claudia non canta a canción durante a obra..
- A obra non recibe boas críticas e dubidan sobre se a volven representar para outros cursos e públicos.

18. Tras ler a novela:

- * Sénteste identificado con algún dos personaxes? Xustifica a túa resposta

* Se puideses escoller, que personaxe che gustaría ser? Razona a túa resposta.

* Hai algún personaxe que che resulte ingrato? Por que?

19. Fai unha valoración crítica do libro que liches:

* Consideras que o argumento da obra é creíble?

* Gustouche a novela? Razona a túa resposta.

* Recomendaríaslles a lectura desta novela aos teus amigos? Razoa a resposta.

20. Para finalizar, imaxina que tes a posibilidade de estar cara a cara con Pablo Gutiérrez. Escribe que che gustaría comentarlle ou preguntarlle sobre o libro que liches.